

CONCELLO
DE VIGO



CURIOSIDADES SOLITA

JULIO/AGOSTO

MUSICA E
PATRIMONIO





CURIOSIDADES **SOLITA**

É UNHA PROPOSTA CULTURAL NA QUE SE COMBINA O COÑECEMENTO DO PATRIMONIO DA CIDADE E A MÚSICA EN DIRECTO CO OBXECTIVO DE CONVERTER "VILLA SOLITA" NUN ESPAZO DE ENCONTRO HISTÓRICO-ARTÍSTICO.

O conxunto arquitectónico de "**Villa Solita**", rehabilitado polo concello como infraestrutura cultural, conectará ao edificio cun momento histórico marcado pola emerxente cidade burguesa da 2ª metade do século XIX e **Curiosidades Solita** será unha proposta musical a modo de gabinete de curiosidades para xerar redes e conexións entre artistas locais e público coa fin de promover, fortalecer e consolidar aos creadores vigueses.



**ALCABRE
VIGO**





YEP!

2 DE XULLO

"Yep!" é un trío formado por Pedro Villanueva (clarinete), Sergio de Miguel (piano) e Raúl Cameselle (batería), ex alumnos do CMUS (Conservatorio Profesional de Música de Vigo). Durante os seus anos como membros da E. Jazz Band, dirixida por Antonio Rodríguez, deron concertos en varios locais de Galicia e Norte de Portugal. O seu repertorio inclúe desde clásicos do jazz, ata temas actuais, pasando por Chick Corea ou Herbie Hancock.


Sergio de Miguel é un xoven pianista e compositor vigués. En xullo de 2019, converteuse no músico máis novo e o primeiro español en recibir a Bolsa Prodixio da Fundación Cultural Latin Grammy da man de Emilio e Gloria Estefan en Miami; bolsa de estudos que lle permite realizar un dobre grao na prestixiosa Berklee College of Music en Boston, USA.



Pedro Villanueva iníciase na música aos 8 anos na escola da Agrupación Musical do Rosal. Comeza a estudar o Grao Profesional de Clarinete con 14 anos no CMUS, e alí descobre o jazz a raíz da E. Jazz Band. A súa atracción por este xénero musical lévao ata o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Con 21 anos entra na Escola Superior de Música de Catalunya, onde actualmente estuda o grao superior de clarinete jazz.

Raúl Cameselle descobre desde moi pequeno a súa paixón pola música. Con 3 anos comeza a robarlle as tarteiras a súa avoa para tocalas como se fosen unha batería polo que os seus pais decidiron inicialo nos seus estudos musicais. Tras pasar por varias academias de música, decide dar o salto ao Conservatorio profesional coa especialidade de percusión. No seu quinto ano adéntrase na E. Jazz Band e descobre o mundo do Jazz polo que decide apoiar os seus estudos no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra.





SERGIO DE MIGUEL TRIO

9 DE XULLO

Sergio de Miguel Trio é o proxecto homónimo do pianista e compositor vigüés residente en Bostón (USA) onde cursa na actualidade o dobre grao (Bachelor of Arts) de Piano Performance e Film Scoring en Berklee College of Music (Boston).

Sergio, malia a súa corta idade (19), ten unha longa traxectoria musical iniciada ao piano con tres 3 anos. Estudou 10 anos no Conservatorio Profesional de Música de Vigo, onde se graduou en 2019 obtendo o Premio Fin de Grao. Simultaneamente estudou 3 anos no Seminario de Jazz de Pontevedra con Abe Rábade, Paco Charlín, Virxilio da Silva e Max Gómez. No Seminario entra en contacto con músicos como Christos Rafalides, Toni Belenguer, Luis Giménez, Kike Perdomo, Ariel Brínguez, Miguel Sucasas, Ryan Hanseler, Philipp Zarfl, Owen Hart. Nesta etapa Sergio convértese nun músico habitual da escena jazz de Pontevedra, tocando no Teatro Principal en varias ocasións con músicos como Reinier Elizarde “El Negrón” ou Toni Belenguer. Tras realizar unha xira coa súa música orixinal por festivais de jazz como Imaxinasons (Vigo), Canjazz



(Cangas) ou NigránJazz, recentemente presentou en Boston con grande éxito o seu proxecto Espirales no Oliver Colvin Recital Hall, ademais de dar numerosos concertos no Berklee Performance Center xunto a músicos de primeiro nivel da escea jazz bostoniana.

A música orixinal de Sergio de Miguel fusiona a súa as súas raíces galegas galega co jazz e as influencias latinas. En formato trío de jazz, Sergio de Miguel presenta o seu proxecto Espirales que destila influencias heteroxéneas da música clásica, música contemporánea e músicos modernos de jazz como Brad Mehldau, Bill Evans, Abe Rábade ou Chucho Valdés. Faino acompañado de dous músicos moi habituais da escena musical galega, Oscar Rodríguez no contrabaixo e Max Gómez na batería.



MUSICA E PATRIMONIO





A ARTÍSTICA

16 DE XULLO

A Artística é un proxecto de Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez creado en 2010 para desenvolver intervencións nas artes performativas (teatro e danza) a través de accións de creación e investigación, producións escénicas e distribución de producións; intervencións e performances; formación regular e obradoiros puntuais; e coproducións e colaboracións no eido audiovisual.

Olga Cameselle Estévez (Vigo, 1964) é bailarina e actriz, coreógrafa e directora de movemento escénico. Inicia a súa actividade profesional en 1989. Desenvolve actividades pedagóxicas relacionadas coa danza e o movemento escénico.

Alfredo Rodríguez Fernández (Vigo, 1963) é actor, produtor, director escénico e pedagogo especialista en expresión. Desenvolve a súa carreira profesional dende 1986.

A Artística presenta en Solita Aínda en pé, un espectáculo de “Entropía, onde todo tende á voltar á súa orixe mainamente. No que o tempo propio humano só pode asistir a un momento preciso dese proceso de disolución, malia a que as estruturas se vaian derrubando sempre queda algo aínda en pé. Para en tempos difíciles, sustentarse en calquera espazo é, de feito, un acto de impermanencia. Un pasacalle da vida para rematar morrendo, unha pegada queda no son dunha zanfona, dous seres seguen o seu de vagar na procura dun espazo que fique aínda en pé”.





NOAR

23 DE XULLO

Noar é o novo proxecto musical de Iago Marta e Rubén Fernández, músicos galegos de considerable traxectoria e intereses eclécticos. Un universo sonoro tecido dende diferentes galaxias estilísticas como a canción popular, o jazz, o rock ou a improvisación libre.

Rubén Fernández é un músico formado entre os seus primeiros anos en Vigo e unha longa tempada en Barcelona, na Escola Superior de Música de Cataluña (ESMUC). Realizou importantes colaboracións ao longo da súa carreira, entre as que destacan “Small Axe” de Adrià Plana & Robert Nesta Songs, co que reciben o premio ao mellor disco do ano 2013 pola AMJM (Associació de Músics de Jazz i Música Moderna de Catalunya). Ademais coliderou discos como “Girassol” co guitarrista Andreu Zaragoza, premio ao mellor disco do ano 2015 pola AMJM.

Traballou varios anos como profesor na escola pioneira da docencia do jazz en España, o Taller de Músics. Actualmente reside en Vigo, desenvolvendo a súa actividade profesional como músico e como profesor e coordinador de Mayeysis CEMU Superior e como profesor da escola Estudio de Santiago de Compostela.

Iago Marta é un guitarrista e compositor nado en Vigo. Graduado superior en Jazz, especialidade guitarra eléctrica, polo Conservatorio do Liceu de Barcelona. Master en música como arte interdisciplinar pola Universidade de Barcelona e a Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC). Estivo involucrado en multitude de proxectos de estilos diversos como guitarrista e/ou compositor e exerceu a docencia en numerosas escolas de música entre as que destaca o Taller de Músics de Barcelona.

Actualmente forma parte do trío Xoubaswing, o proxecto Noar, o grupo Recitals a domicili, a orquestra Metamovida....Ademáis, continúa compoñendo música para o audiovisual e exerce como profesor en varias escolas da provincia de Pontevedra.





CUCHUS PIMENTEL

30 DE XULLO

Cuchus Pimentel e Mónica Bermúdez presentan en Solita un concerto de flamenco tradicional que constará dunha parte instrumental con temas do último traballo do guitarrista (Por Mi Camino) e dunha selección dalgúns dos estilos máis característicos do flamenco desde o "jondo" ao máis lixeiro.

Jesús Alonso Pimentel, Cuchus, é un guitarrista flamenco, arranxador e compositor nado en Palencia en 1959, pero vigués de adopción. Licenciado en Música Tradicional, especialidade de Guitarra Flamenca, pola Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC), é en palabras do especialista en flamenco José Manuel Gamboa: *Un Insólito ejemplo de flamenco norteño.... Se trata de un músico de verdadero interés, más allá de la circunstancia anecdótica de su lugar de nacimiento y crianza. Ha producido e interpretado el primer disco del Infante Cantor Gallego "El Kiki"*.

Despois dos seus inicios na guitarra clásica, primeiro en Lugo, con José M^a Hinojo, e logo en Vigo, con Tomás Camacho, inclínase cara outras músicas (jazz, rock,...) formando parte de grupos como NHU, Bai Ensemble ou Noroeste, ata que en 1988, tras asistir a un curso con Manolo Sanlúcar, dedícase exclusivamente ao flamenco. Máis tarde estuda con guitarristas da talla de Enrique de Melchor, Manolo Franco, Rafael Riqueni, Juan Manuel Cañizares e Paco Serranio, entre outros, ademais de continuar co mencionado Manolo Sanlúcar, a quen considera o seu mestre.



Cuchus ten gravado ao redor de 30 discos entre traballos como solista, proxectos propios e colaboracións con músicos de flamenco e doutros estilos. Protagonizou concertos por todo o mundo e ten exercido como profesor en conservatorios e escolas privadas e públicas. O seu traballo tense reflectido na prensa especializada estatal/nacional e internacional así como en diversos libros de flamenco.

Mónica Bermúdez é unha cantaora nacida en Madrid. Aos nove anos se trasládase a Vigo e, tras os seus estudos universitarios, volta a Madrid onde toma contacto co mundo do flamenco, colaborando coa coreógrafa Diana Gascón no espectáculo SOÑANDO AGÜITA. De regreso a Vigo contacta con Jesús Pimentel co que colabora desde 2009 en concertos e gravacións ademais de profundizar no estudo do flamenco. Ao mesmo tempo forma parte como cantaora do trío de base das jam sessions de flamenco do clube XANCARAJAZZ. A finais de 2011 instálase en Sevilla para proseguir coa súa formación e recibe clase de diversos cantaores/as, entre as que destaca Esperanza Fernández. Na actualidade prepara o seu primeiro disco ademais de ofrecer concertos, xa sexa con guitarra ou cun grupo máis numeroso (LAVANDA DE MÓNICA) á vez que colabora con distintos proxectos.







SOLITA BAIXO AS ESTRELAS

13 DE AGOSTO

Para este día programamos unha xornada novidosa e distinta para Solita na que mesturaremos Historia e Astronomía da man do historiador e divulgador astronómico, **Pablo J. Martínez Alemparte**.

Por unha banda, a historia da nosa cidade e deste espazo patrimonial nun momento crucial como foi o século XIX, e por outra, o ceo nocturno, aproveitando unha noite tan especial, como a da fin de semana das populares "Bagoas de San Lorenzo".

22:00 COÑECE "VILLA SOLITA"

Nesta primeira parte da actividade e coincidindo cos derradeiros momentos do día, coñeceremos a historia detrás de Vila Solita, esta formidable construción, rehabilitada recentemente como espazo cultural, patrimonial e de singular arquitectura polo Concello de Vigo.

Servirá tamén como marco sobre o cal falar dun período clave na historia da cidade de Vigo, como foi o século XIX, momento no cal se deu o salto definitivo de "Vila a Cidade".



22:30 SOLITA BAIXO AS ESTRELAS

Xa cando caia a noite, e no espazo exterior do predio, apagaranse as luces da contorna para facer un percorrido guiado polo ceo nocturno do verán. Será coincidindo cunha noite moi especial, xa que nos atoparemos no período de máxima actividade da choiva anual de Perseidas ou "Bágoas de San Lorenzo". A Lúa, Xúpiter, Saturno, as Constelacións do ceo estival e as Perseidas serán protagonistas desta observación astronómica.





A LUA DE POÑENTE.

INTERVENCIÓNS SONORAS

20 DE AGOSTO

O Ceo Nocturno foi ao longo da historia un instrumento para a medida do tempo, a orientación, e a plasmación dos idearios míticos das sociedades humanas, pero tamén unha paisaxe natural, cultural... e fonte de inspiración para a arte en todas as súas vertentes.

Nesta "LÚA DE POÑENTE", mesturaremos, a música da man de Juan Manuel Vázquez cunha viaxe comentada, por un repertorio renacentista para corda pulsada (Vihuela), coa astronomía, nai das ciencias, e con especial protagonismo para o ceo de verán e a lúa crecente que nos alumeará durante toda a sesión.

22:00 CONCERTO GUIADO con Juan Nocturno.

22:45 O CEO DE VERÁN e percorrido telescópico pola Lúa con Pablo Martínez Alemparte.



Juan Manuel Vázquez "Nocturno" (San Cristovo de Cea, 1978), é profesor de Música en secundaria no IES Lama das Quendas en Chantada. É, probablemente, un dos máis claros exemplos do refrán "aprendiz de moito, mestre de nada". Música (guitarra clásica, instrumentos de corda pulsada antiga e música popular urbana –folk, rock e metal extremo–), poesía, pintura, audiovisual, matemáticas, astronomía..., e, ultimamente, organizador de eventos varios, valerían para resumir un bo feixe de estudos realizados en varias disciplinas e con moitas e moi diversas mestras e profesoras, e proxectos musicais (cunha morea de gravacións e concertos nas súas costas) e non musicais desenvolvidos.

Pablo J. Martínez Alemparte (Vigo, 1984) é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Froito dunha curiosidade desde moi neno pola observación e a fotografía do ceo nocturno, pasou a formar parte da Agrupación Astronómica Rías Baixas desde a súa fundación no ano 2000 e ocupa a súa vicepresidencia desde 2010. Compaxina o seu labor profesional no campo da didáctica da Historia e na Arqueoloxía, con actividades de divulgación astronómica, colaborando en medios de comunicación, xornadas, congresos e con diversas institucións.



02/07/21

20:30 **Apertura de portas**

21:00 **Presentación
Concerto**

YEP!

Pedro Villanueva (clarinete)

Sergio de Miguel (piano)

Raúl Cameselle (batería)

09/07/21

20:30 **Apertura de portas**

21:00 **Presentación
Concerto**

**SERGIO DE
MIGUEL TRIO**

Sergio de Miguel (piano)

Óscar Rodríguez (contrabaixo)

Max Gómez (batería)

16/07/21

20:30 **Apertura de portas**

21:00 **Presentación
Espectáculo de danza**

AÍNDA EN PÉ

con A ARTÍSTICA

Olga Cameselle

Alfredo Rodríguez

23/07/21

20:30 **Apertura de portas**

21:00 **Presentación
Concerto**

NOAR

Rubén Fernández (voz)

Iago Marta (guitarra)

30/07/21

20:30 **Apertura de portas**

21:00 **Presentación
Concerto**

**CUCHUS
PIMENTEL**

Cuchus Pimentel (guitarra flamenca)

Mónica Bermúdez (cante)

06/08/21

20:30 **Apertura de portas**

21:00 **Presentación
Concerto**

DOUS

Fernando Abreu (clarinete)

Pablo Carrera (guitarra)

13/08/21

**SOLITA BAIXO
AS ESTRELAS**

21:30 **Apertura de portas**

22:00 **Coñece Villa Solita e o
Vigo do século XIX**

22:30 **O Ceo de verán e as
Bágoas de San Lorenzo**

Pablo Martínez Alemparte

(historiador e divulgador astronómico)

*Aforo limitado por orde de inscrición no
010. Actividade suxeita (na súa 2ª parte)
ás condicións meteorolóxicas.*

20/08/21

**A LÚA DE
POÑENTE**

INTERVENCIÓNS SONORAS

21:30 **Apertura de portas**

22:00 **Concerto guiado**

con Juan Manuel Vázquez "Nocturno"

22:45 **O Ceo de Verán e perco-
rrido telescópico pola lúa**

con Pablo Martínez Alemparte

(historiador e divulgador astronómico)

*Aforo limitado por orde de inscrición no
010. Actividade suxeita (na súa 2ª parte)
ás condicións meteorolóxicas.*

